



**JORGE MIRA: Breve perfil biográfico**



Nacín en **Baio**, porta grande da Costa da Morte. Licenciéime en Física en 1991 e nese mesmo ano presentei a miña tesíña de licenciatura. Adiqueime ao estudo do ferromagnetismo feble e á influencia do tamaño no magnetismo de materiais tipo  $R_2CuO_4$  (R= lantánido). Sobre ese tema tratou a miña tese de doutoramento, defendida en 1995.



Actualmente son **catedrático da área de Electromagnetismo do Departamento de Física Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela**. A miña investigación ten versado sobre propiedades e aplicacións de nanopartículas de ferritas, anisotropías en films de vidros metálicos, propiedades eléctricas e magnéticas de materiais  $R_{1-x}A_xMO_3$  (R= lantánido, A= Sr, Ca, Ba; M= metal de transición). Estes materiais, aparte de constituiren un paradigma no estudo das correlacións entre propiedades eléctricas e magnéticas en sólidos, teñen importantes aplicacións tecnolóxicas, dadas as altísimas magnetorresistencias que presentan nalgúns casos. Este traballo deu lugar a liñas de traballo posteriores en propiedades termoeléctricas, dieléctricas e magnetodieléctricas en sistemas relacionados, así como outros deseñados na base de estruturas metálico-orgánicas.



Paralelamente a isto, dedícome ao **estudo da dinámica de competición de linguas**, con traballos que foron destacados en diferentes foros, como no Technology Review do MIT ou a American Physical Society.

Ademais, de vez en cando, escribo artigos en revistas científicas que teñen outro tipo de temática, como o **ceo-inferno** (en Physics Today e Nature, con ecos en múltiples lugares, como as prestixiosas revistas Time, New Yorker, New Scientist ou Der Spiegel), a loita para a determinación da lonxitude xeográfica ou persoeiros como **José Echegaray** e Domingo de Soto.



A **divulgación científica** é outra das miñas actividades.

Cando non estou na física gústame rompe-los cornos cos colegas de **Mensa** (sempre prestos á creación de xogos de inxenio, onde sexa, ademais de tratar temáticas especiais coma as atopadas en Carrollia) e con xogos de memoria, técnicas de lectura rápida, xadrez e cousas polo estilo.



Tamén adico moito tempo ó **deporte**: empecei polo taekwondo e a competición en carreiras pedestres, e acabei en parapente, natación, musculación, esgrima e bailes de salón.

[Fonte: <http://www.usc.es/fagms/Mira/jorge.htm>]

## ALGÚNS ENLACES PARA COÑECER MÁIS A JORGE MIRA

### TEXTOS

1. Galipedia [http://gl.wikipedia.org/wiki/Jorge\\_Mira](http://gl.wikipedia.org/wiki/Jorge_Mira)
2. Programa ConCiencia(USC) <http://www.usc.es/gl/cursos/conciencia/>
3. Perfil en "galegos" <http://www.galegos.info/gl/jorge-mira-perez-0>
4. Gallegos en la escalera (El País) [http://ccaa.elpais.com/ccaa/2012/10/08/galicia/1349698094\\_295837.html](http://ccaa.elpais.com/ccaa/2012/10/08/galicia/1349698094_295837.html)
5. El Correo Gallego (reseña de "A Ciencia no punto de Mira") <http://www.elcorreogallego.es/tendencias/ecg/jorge-mira-desvela-secretos-botafumeiro/idEdicion-2010-10-22/idNoticia-602778/>
6. Eureka (reseña de "A Ciencia no punto de Mira") [http://reuredc.uca.es/index.php/tavira/article/viewFile/270/pdf\\_77](http://reuredc.uca.es/index.php/tavira/article/viewFile/270/pdf_77)
7. Entrevista en "Fantasymundo" [http://www.fantasymundo.com/articulos/4973/fantasymundo\\_entrevista\\_jorge\\_mira\\_perez\\_licenciado\\_doctor\\_fisica](http://www.fantasymundo.com/articulos/4973/fantasymundo_entrevista_jorge_mira_perez_licenciado_doctor_fisica)
8. Entrevista en "Galicia con mucho gusto" <http://elrincondegalicia.com/blog/index.php/a-fin-do-mundo-con-jorge-mira-un-turista-planificador/>

### VIDEOS

- A. ¿Multiplicámonos como animais?(TEDex-Galicia) <http://www.youtube.com/watch?v=EO1MurSBumE>
- B. Entrevista en EDUGA <http://www.edu.xunta.es/eduga/361/entrevista/jorge-mira-perez>
- C. No programa Luar <http://www.youtube.com/watch?v=WA4a46x9prE>
- D. En TV Deza (na feira do libro de Lalín) <http://www.youtube.com/watch?v=8W0LOCzwZRY>
- E. Entrevista en "Sin Rodeos"(Localia TV)-Parte I <http://www.youtube.com/watch?v=ZVVmX3Qrk0I>
- F. Entrevista en "Sin Rodeos"(Localia TV)-Parte II <http://www.youtube.com/watch?v=FRf5XYDF1CQ>

Martes 12 de novembro de 2013

IES Universidade Laboral - Culleredo